



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS)

PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS ELECTOS/AS

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de eleccións de representantes no Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS),

A Comisión Electoral Central, acorda:

1. Facer público que os criterios empregados pola Comisión para realizar a proclamación provisional de candidatos/as electos da elección de representantes no Comité de Dirección da EDIUS, son os establecidos no artigo 7 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, coas seguintes consideracións:
 - a) En relación á representación do PDI, a Comisión acorda que a referencia a “áreas de coñecemento” contida no apartado e) do artigo 7.1 do RRI da EDIUS para a representación do profesorado se interprete, atendendo á literalidade do precepto, como as áreas de coñecemento ás que pertence o persoal docente e investigador da Universidade.
 - b) Con respecto á referencia a “áreas de coñecemento” contida no apartado f) do artigo 7.1. do RRI para a representación do estudantado, a Comisión acorda que a expresión “áreas de coñecemento” se entenda referida ás grandes áreas por considerar que é o que mellor se axusta ao tenor literal do precepto e tamén á finalidade de protección das minorías que se lle atribúe ás normas electorais.
2. Proclamar electos/as definitivos aos candidatos/as que se relacionan nas listaxes adxuntas.

A relación publícase na web electoral www.usc.es/elecciones2021, e nos taboleiros electorais.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

O presidente da Comisión Electoral Central

Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe Seijas

Taboleiros electorais da Reitoría e da Vicerreitoría de Coord. do Campus de Lugo;